

Burgos: BU.
León LE.
Palencia: P.
Salamanca: SA.

Comunidade Autónoma de Castela-A Mancha:

Albacete: AB.
Cidade Real: CR.
Conca: CU.
Guadalaxara: GU.
Toledo: TO.

Comunidade Autónoma de Estremadura:

Badaxoz: BA.
Cáceres: CC.

Rexión de Murcia:

Murcia: MU.

Comunidade Valenciana:

Alacant: A.
Castellón: CS.
Valencia: V.

Comunidade de Madrid:

Madrid: M.

Comunidade Autónoma de Cantabria:

Santander: S.

Comunidade Autónoma de Cataluña:

Barcelona: B.
Xirona: GI.
Lleida: L.
Tarragona: T.

Comunidade Autónoma de Galicia:

A Coruña: C.
Lugo: LU.
Ourense: OU.
Pontevedra: PO.

Comunidade Autónoma de Andalucía:

Almería: AL.
Cádiz: CA.
Córdoba: CO.
Granada: GR.
Huelva: H.
Xaén: J.
Málaga: MA.
Sevilla: SE.

Principado de Asturias:

Asturias: O.

Comunidade Autónoma da Rioxa:

A Rioxa: LO.

Comunidade Autónoma de Aragón:

Huesca: HU.
Teruel: TE.
Zaragoza: ZA.

Comunidade Autónoma das Canarias:

Gran Canaria: GC.
Tenerife: TF.

Comunidade Foral de Navarra:

Navarra: NA.

Comunidade Autónoma das Illas Baleares:

Baleares: IB.

País Vasco:

Araba: VI.
Guipúscoa: SS.
Biscaia: BI.

5101 *REAL DECRETO 234/2002, do 1 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras.* («BOE» 63, do 14-3-2002.)

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, recolleu a lexislación nacional previa na materia e incorporou ó ordenamento xurídico interno unha normativa comunitaria integrada pola Directiva 92/34/CEE, do Consello, do 28 de abril, relativa á comercialización de materiais de multiplicación de froiteiras e de pés de froiteira destinados á produción frutícola, e polas directivas da Comisión dictadas en desenvolvemento e conformidade con aquela.

O aguacate é unha especie localmente moi importante da nosa economía agraria. Para prever os problemas sanitarios nas plantacións comerciais resulta necesario e efectivo asegurar a calidade e sanidade das plantas de viveiro que ofertan os provedores.

Para iso, este real decreto incorpora ó Regulamento técnico de control e certificación de froiteiras os requisitos de control e certificación da calidade das plantas de viveiro de aguacate nun anexo específico harmonizado co resto de especies reguladas de froiteiras. Esta harmonización non pode chegar ós termos que son propios das especies reguladas no ámbito da Unión Europea, como non é o caso do aguacate e o plataneiro, polo que se incorpora e se desenvolve a definición de categoría estándar para estas dúas especies.

Esta disposición foi sometida ó procedemento previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, modificada pola Directiva 98/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo, incorporada ó ordenamento xurídico interno polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información.

Na súa elaboración someteuse a consulta das entidades representativas dos sectores afectados e das comunidades autónomas.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a e 13.^a da Constitución, que lle reserva ó Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior e de bases e coordinación da planificación xeral da economía.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2002,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 929/1995.*

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, queda modificado como segue:

1. O artigo 1 substitúese polo seguinte texto:

«Este regulamento aplícase á produción, comercialización e importación de plantas de viveiro das especies que se citan a continuación, que se utilicen directa ou indirectamente para a produción dos seus froitos, así como os híbridos interxenéricos, interespecíficos ou intervarietais que poidan ter a mesma utilización.

a) Subgrupo cítricos: tódalas especies botánicas incluídas na familia rutáceas.

b) Subgrupo froiteiras de carabuña e pebida: tódalas especies botánicas incluídas nos seguintes xéneros: "prunus", "pyrus", "malus" e "cydonia".

c) Subgrupo outras froiteiras: tódalas especies botánicas incluídas nos seguintes xéneros: "juglans", "corylus", "pistacia", "ribes" e "rubus".

d) Subgrupo oliveira: tódalas especies botánicas incluídas no xénero Olea.

e) Subgrupo amorodo: tódalas especies botánicas incluídas no xénero Fragaria.

f) Subgrupo plataneiro: tódalas especies botánicas incluídas no xénero Musa.

g) Subgrupo aguacate: tódalas especies botánicas incluídas no xénero Persea.

Inclúense igualmente os portaenxertos e outras partes de plantas doutros xéneros ou especies, ou os seus híbridos, se se enxertan ou deben enxertarse neles materiais dun dos citados xéneros ou especies ou dos seus híbridos.»

2. No artigo 6 engádese unha nova alínea e) co seguinte texto:

«e) Material estándar: os materiais de multiplicación e pés de froiteira que satisfagan as condicións mínimas estipuladas para esta categoría neste regulamento e que comprenden, polo menos, as fixadas para o material CAC.»

3. Ó final do artigo 6 engádese un novo parágrafo co seguinte texto:

«As categorías de plantas de viveiro que se poden producir en cada subgrupo de especies serán as sinaladas no anexo X.»

4. O segundo parágrafo do artigo 40 substitúese polo seguinte texto:

«As plantas de viveiro só se comercializarán se están clasificadas adecuadamente nalguna das categorías definidas no artigo 6 e se van etiquetadas individualmente ou en feixes ou envases, cunha etiqueta de material adecuado e que non fose utilizada, e previamente impresa, polo menos na lingua española oficial do Estado. No caso de patróns e pés de cítricos, a etiquetaxe será individual e antes do seu arrinque no campo.»

5. Ó final do artigo 40 engádese un novo parágrafo co seguinte texto:

«No caso de material estándar, a etiqueta será do provedor, de cor amarela e conterá as seguintes informacións como mínimo:

- a) Encabezamento: ESPAÑA.
- b) Categoría: estándar.
- c) Especie: nome botánico e común.
- d) Variedade e patrón, se é o caso.
- e) Cantidade.
- f) Proveedor: nome ou número de rexistro.»

6. O título do anexo VIII substitúese polo seguinte texto:

«Normas específicas para o control e a certificación de plantas de viveiro do subgrupo plataneiro.»

7. Ó final do anexo VIII engádese un número 4 co seguinte texto:

«4. Producción de material estándar: o material estándar producirase de acordo cos requisitos de calidade fixados para o material CAC no capítulo V deste regulamento.»

8. Engádese un novo anexo X co título e contido recollido no anexo I deste real decreto.

9. Engádese un novo anexo XI co título e contido recollido no anexo II deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I

«ANEXO X

Categorías de plantas de viveiro que se poden producir nas distintas especies:

- a) Subgrupos de cítricos, froiteiras de carabuña e pebida, oliveira e amorodo: inicial, base, certificada e CAC.
- b) Subgrupo doutras froiteiras: CAC.
- c) Subgrupo de plataneiro e aguacate: inicial, base, certificada e estándar.»

ANEXO II

«ANEXO XI

Normas específicas para o control e a certificación de plantas de viveiro do subgrupo aguacate

1. Requisitos complementarios para a autorización de produtores seleccionadores e multiplicadores:

- a) Dispor, polo menos, de instalacións de tratamento, de se-lo caso, de substratos, de sementes e da auga de rega.
- b) Dispor de parcelas de viveiro para plantas de aguacate independentes e illadas conforme este regulamento.

2. Requisitos de produción do material estándar:

2.1 Illamento:

As parcelas destinadas a viveiro de aguacate estarán separadas doutras parcelas de viveiro polo menos mediante un cerramento ou valo.

O traballo no viveiro deberá organizarse de maneira que tanto os vehículos que proveñan do exterior como as persoas, traballadores ou visitantes non poidan producir infeccións.

O persoal do viveiro e as visitas deberán estar provistos de botas e vestimentas adecuadas que deberán utilizar antes de entrar na parcela de viveiro de aguacate.

Nos accesos peonís á parcela de viveiro de aguacate colocaranse recipientes ou alfombras con produtos fungicidas aprobados para tal fin.

Evitarase a entrada de augas de escorrentía na parcela mediante gabias de drenaxe perimetrais ou outro método adecuado.

2.2 Auga de rega:

A conduxión de auga deberá realizarse mediante tubos pechados ata a parcela de viveiro de aguacate. Se non existe a seguridade de que a auga de rega estea libre de axentes transmisores de enfermidades, deberá instalarse un sistema de tratamento de auga por desinfección ou filtrado que elimine ese risco.

2.3 Chan:

O piso do viveiro estará cuberto, xa sexa con capa de formigón ou con malla antiherbas ou outro método aprobado polo organismo oficial responsable, que se manterá libre de patóxenos.

Os pés e os seus envases non estarán en contacto directo co piso do viveiro, para o cal se establecerán sistemas para mantelos elevados deste.

2.4 Envases e útiles de traballo:

Os pés de viveiro produciranse en envases plásticos novos e que só se poderán utilizar unha vez. Outros elementos de plástico ríxido como bandexas, contedores, etc., poderán utilizarse logo de desinfección.

Todo o material de traballo se limpará e desinfectará ó cambiar de lote ou, en calquera caso, antes ou despois de cada xornada de traballo.

2.5 Substratos de cultivo:

Os substratos de cultivo empregados nos sementeiros e no cultivo de plantas de viveiro deberán ser estériles, para o cal poderá empregarse algún dos procedementos seguintes:

a) Tratamento con vapor en cámara pechada a 82.º durante polo menos trinta minutos.

b) Outro método aprobado como eficaz polo organismo oficial responsable.

2.6 Orixe do material:

As plantas de viveiro estándar non precisan ter unha orixe clonal, aínda que si é necesario que esta sexa coñecida.

Cando os produtores non teñan establecidos campos de pés nais, deberán acreditarlas adquisicións de sementes, patróns ou enxertos pola presenza de albarás e facturas. No caso de que os enxertos se tomasen de plantacións comerciais, ademais, estarán sinaladas as árbores de que estes proceden.

2.7 Sementes:

As sementes empregadas para a produción de patróns deberán tratarse para a súa desinfección co método do baño maría. As sementes tratadas poderán almacenarse en cámara un máximo de vinteun días.

Se as sementes van almacenarse un período superior a vinteun días, o tratamento indicado realízase cando se vaian utilizar.

Tódolos útiles relacionados co manexo das sementes deberán desinfectarse de forma adecuada cada vez que se utilicen.

2.8 Densidades:

As densidades de plantación serán as adecuadas para poder observar individualmente cada planta.

As plantas estarán en todo momento identificadas por variedades e categorías.

2.9 Tratamentos:

Todo material que na fase de cultivo presente signos ou síntomas visibles dos organismos nocivos ou enfermidades dos citados no cadro I deberá ser tratado dunha forma adecuada en canto estes se manifesten ou, de se-lo caso, deberá ser eliminado.

2.10 Depuracións:

En tódalas fases de cultivo se procederá á eliminación das plantas fóra de tipo, deformes ou danadas, así como as previstas no número 2.12.

2.11 Sanidade:

O material estándar deberá estar substancialmente libre, polo menos por observación visual, de calquera organismo nocivo e enfermidade, ou de signos ou síntomas deles, que afecte á calidade de forma significativa e que reduza o valor de utilización das plantas de viveiro, e, en particular, daqueles incluídos no cadro I.

Cadro I. Lista de organismos nocivos de control obrigado nas plantas de viveiro de aguacate:

1. Categoría estándar:

Phytophthora cinnamomi.
Rosellinia necatrix.

2. Categorias inicial, base e certificada:

Tódolos considerados para o material estándar e, ademais, o viroide «Sun Blotch».

2.12 Pureza varietal:

O material estándar deberá ter unha pureza varietal superior ó 99 por 100.

2.13 Calidade exterior:

O material estándar deberá estar substancialmente libre de calquera defecto que poida min-gua-la súa calidade como material de multiplicación ou como pé.

3. Requisitos de produción do material inicial, base e certificado:

3.1 Requisitos xerais do material inicial, base e certificado:

O material inicial, base e certificado deberá cum-prilo establecido para o material estándar no número 2, e ademais, os requisitos específicos, en cada caso, establecidos a continuación.

3.2 Requisitos do material inicial:

As plantas nais de material inicial comprenden a planta cabeza de clon, as plantas de reserva e as plantas de partida.

Para a obtención das plantas de reserva e de partida procederase:

a) Para os patróns enraizaranse polo menos cinco varas da planta cabeza de clon.

b) Para os enxertos tomaranse xemas da planta cabeza de clon, que se enxertarán polo menos en cinco patróns procedentes de plantas nais convenientemente examinadas.

c) En árbores casos cultivaranse dúas delas ó abeiro de vectores, constituíndo as plantas de reserva e o resto cultivarase en campo, constituíndo as plantas de partida.

Cada planta nai de material inicial terá comprobado por inspección oficial que está libre dos organismos nocivos que figuran no cadro I, e que as súas características varietais coinciden coa descrición oficial da variedade.

O material inicial plantarase en terreos ou substratos libres de patóxenos nocivos e illados mediante gabias de drenaxe.

As plantas iniciais testaranse individualmente cada ano para os organismos nocivos do cadro I. A tolerancia será do 0 por 100. As comprobacións faranse de acordo con métodos internacionalmente establecidos.

A descendencia de cada cabeza de clon identificarase cun número, que se manterá ó longo da súa multiplicación e comercialización xunto á denominación da variedade.

3.3 Requisitos do material de base:

O material de base procede directamente de material inicial.

Con material inicial prodúcese as plantas nais de base.

As plantas nais de base testaranse anualmente para os organismos nocivos do cadro I. A tolerancia será do 0 por 100. As comprobacións faranse de acordo con métodos internacionalmente establecidos.

As plantas nais de base plantaranse en terreos ou substratos libres ou desinfectados de patóxenos nocivos e illados mediante gabias de drenaxe.

3.4 Requisitos do material certificado:

Con material de base establécense campos de plantas nais de certificado.

As plantas nais de certificado plantaranse en terreos ou substratos libres ou desinfectados de nematodos e patóxenos nocivos e illados mediante gabias de drenaxe.

O mantemento do estado sanitario das plantas nais de certificado comprobarase anualmente mediante exames para os organismos nocivos do cadro I de acordo, polo menos, coas seguintes porcentaxes de mostraxe:

Material	Número de plantas que se vai examinar
Plantas nais de enxertos, varas ou enxertos de mergullo	1/5
Plantas nais de sementes	1/20

A pureza varietal das plantas de viveiro certificadas comprobarase, polo menos, por inspección visual e será do 99,99 por 100 como mínimo.

Os produtores deberán realiza-las oportunas depuracións para que as plantas de viveiro cumpran cos requisitos de pureza varietal e estado sanitario citados. O incumprimento destes requisitos implicará a destrución das plantas.

Para calquera substitución de marras ou plantas depuradas deberase solicitar previamente a autorización do organismo oficial responsable.»

5102 *REAL DECRETO 235/2002, do 1 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro.* («BOE» 63, do 14-3-2002.)

O Consello da Unión Europea adoptou, na súa sesión do 28 de xuño de 2001, o Regulamento (CE) 1447/2001, que modifica o Regulamento (CE) 1260/1999, do Consello, do 21 de xuño, polo que se establecen disposicións xerais sobre os Fondos Estructurais.

Esta modificación supón un incremento da participación comunitaria, ata o 80 por 100 no custo total subvencionable de determinadas rexións españolas do obxectivo número 1, en casos debidamente xustificadas. Estes casos, que están definidos no Marco Comunitario de Apoio para o obxectivo número 1 en España, aprobado pola Comisión (MCA/DOCUP/PO/2000-2006), permitirán que a participación dos Fondos Estructurais nas operacións cofinanciadas polos Fondos Estructurais nas comunidades autónomas de Andalucía, Canarias, Castela-A Mancha, Extremadura, Galicia e as cidades de Ceuta e Melilla se vexa incrementada, conforme o sinalado na alínea a) do terceiro parágrafo do artigo 29 do Regulamento (CE) 1260/1999, do Consello, do 21 de xuño.

Así mesmo, a modificación tamén supón un incremento da participación comunitaria, ata o 85 por 100, no custo total subvencionable en casos excepcionais debidamente xustificadas na Comunidade Autónoma das Canarias.

Por outra parte, na mesma sesión do Consello da Unión Europea adoptouse o Regulamento (CE) 1451/2001, que modifica o Regulamento (CE) 2792/1999, do Consello, do 17 de decembro, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca.

Esta modificación serve para recoller, entre outras cousas, o disposto no novo regulamento citado nun principio.

É conveniente, en consecuencia, modificar oportunamente a normativa básica en materia de axudas estruturais no sector pesqueiro.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a, 15.^a e 19.^a da Constitución.

Foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector e cumpríronse os requisitos previstos no artigo 87.3 do Tratado da Unión Europea.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2002,